

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021500	CEIP Santa Baia	Boiro	2024/2025

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	8
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O CEIP Santa Baia, ao amparo da lexislación vixente, contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

Na educación infantil,

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Na educación primaria,

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións..
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en

situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

o) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinario.

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia Plurilingüe.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión culturais.

Todas elas constan de 3 dimensións: cognitiva (compresión e asimilación de información), instrumental (uso dos coñecementos para a obtención de resultados) e actitudinal (capacidade de acción ou reacción ante ideas ou situacións).

A adquisición das competencias clave por parte do alumnado, considérase indispensable para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e

problemas dos distintos ámbitos da súa vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para lograr a continuidade do seu itinerario formativo e facilitar e desenvolver a súa inserción e participación activa na sociedade e no coidado das persoas, da contorna natural e do planeta.

A vinculación entre as competencias clave e os retos do século XXI será a que lle dea sentido ás aprendizaxes, creando desde o cole situacións e problemas da vida cotiá, o que, proporcionando, á súa vez, o punto de partida necesario para favorecer situacións de aprendizaxe significativas e relevantes.

A avaliación das competencias clave queda integrada no propio proceso de ensino-aprendizaxe, e na avaliación deste; xa que, ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotando de funcionalidade as aprendizaxes e aplicando o que se aprende desde unha formulación integradora.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

A transversalidade é inherente a todo o proceso de ensino-aprendizaxe quedando integrada en todos os elementos do currículo. Porén, desde o centro educativo abordárase atendendo a:

- Educación para a convivencia. O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, fai desta un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esas actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa. Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.
- Educación do consumidor. O alumnado é o sector máis vulnerable ante o acoso publicitario da actual sociedade de consumo. Porén, debemos instrumentalizar situacións que empoderen ante o consumo e/ou uso innecesario de alimentos e materiais.
- Educación para a saúde. Promovendo unha alimentación equilibrada, aproveitando as parvas do recreo e fomentando a actividade física, favorecendo no seu conxunto unha boa calidade de vida.
- Educación ambiental. Abordando o respecto cara o medio natural desde a perspectiva de elementos que integramos ese espazo.
- Educación viaria. Traballando aspectos espazo- temporais, de orientación e o coñecemento das nosas rúas, dos sinais e dos modelos de convivencia tanto de peóns como de usuarios dun transporte.
- Educación intercultural. Contribuíndo a que todo o noso alumnado aprenda a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoo para a vida futura e mellor inserción social. Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.
- Coeducación. Herdado dunha estrutura social e familiar existe un tratamento desigual do alumnado na escola, sempre reflexo do que ocorre na sociedade. Polo tanto

modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

- Educación para a paz. Na idade escolar os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Coas nosas actividades debemos canalizar estas situacións para dar a posibilidade de solucionarlas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade.

- Cultura galega. O coñecemento e práctica de actividades que favorezan un acercamento á comprensión e respecto das peculiaridades do noso país.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Apoiarémonos nos principios fundamentais do Deseño Universal de Aprendizaxe, DUA, para asegurarnos que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento nin barreira para o alumnado no desenvolvemento das súas competencias, logrando así unha inclusión efectiva.

- Flexibilidade Metodolóxica. Emprego combinado de técnicas, métodos, agrupamentos e actividades variadas.

- Aprendizaxe Significativo. O alumnado aprenderá, a partires do que xa coñece (o seu medio, as súas costumes, a súa cultura), aquilo que ten relevancia para eles e que lles vai ser útil na súa vida diaria.

- Metodoloxía activa e participativa.

- O alumnado aprenderá facendo e sendo protagonista activo da súa propia aprendizaxe en base as orientacións do/a mestre/a.

- Potenciarase a busca de fontes de información, así como os agrupamentos flexibles, sen esquecer o traballo individual e o esforzo persoal, como garantías do progreso nos procesos de aprendizaxe.

- Globalización:

- Partirase do análise dos coñecementos previos que posúa o alumnado, para chegar á globalización das súas aprendizaxes, procurando unha transversalidade entre todas as áreas curriculares.

- Adaptación ás necesidades, motivacións e intereses do alumnado.

- Diseñaranse actividades adaptadas ás características do alumnado en xeral, concretando se fose necesario en programas personalizados que atendan á diversidade.

- Utilizaranse materiais e recursos de afianzamento que fomenten e potencien o esforzo e constancia persoal.

- Estilos de ensinanza-aprendizaxe.

- A creación de situacións concretas de aprendizaxe promoverán a xeneralización do aprendido e servirán para facer partícipe ao alumnado da súa propia aprendizaxe.

- Programaranse actividades individuais e/ou colectivas, que partirán dos intereses e saberes do alumnado e que se adaptarán aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

- Nos distintos contextos educativos as persoas docentes facilitarán os recursos, guías, modelos e apoios necesarios para que o alumnado sexa quen de enfrontarse ás distintas aprendizaxes.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

- Programaranse actividades diversas, de acordo cos documentos e materias curriculares, seleccionadas e/ou deseñadas polo profesorado.
- Adecuaranse ás características evolutivas do grupo, así como ao tipo de tarefa e a área curricular específica, propiciando o interese do alumnado polo tema a aprender.
- Facilitará a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecerá o enfoque transversal.
- Deseñaranse actividades complementarias e extraescolares que reforzarán as aprendizaxes.

Os materiais e recursos didácticos elixíranse seguindo os seguintes criterios:

- Que sexan eminentemente manipulativos.
- Que non sexan discriminatorios.
- Que promovan o uso comunitario e cooperativo.
- Que sexan fáciles de empregar.
- Que non degraden o medio ambiente.
- Que sexan axeitados á idade e características do grupo en xeral e de cada alumno/a en particular.
- Que sexan facilitadores do proceso de aprendizaxe do alumnado, integrándose na metodoloxía de cada ciclo, nivel ou de cada área.

Aos recursos de carácter interno, hai que engadir todos aqueles que nos ofrece o medio ou a nosa contorna, e que son aproveitados en todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Estes recursos son as instalacións e servizos do propio centro, do concello, industrias (artesanais e manufacturas) da zona, lugares de interese natural ou histórico-artístico de: Concello, Comarca, Provincia,... e asociacións e outros centros educativos.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

No CEIP Santa Baia impártense os 3 cursos do 2º ciclo da educación infantil e os 6 niveis da educación primaria. O IES ao que está adscrito é o IESP A CACHADA, aínda que no concello existen outros dous IES que ofertan a ESO.

O alumnado do centro pode elixir entre a área de relixión católica e atención educativa na etapa de educación infantil, e relixión católica e Proxecto Competencial na etapa de primaria.

Existindo seccións bilingües nos niveis de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, o alumnado ten a opción de elixir cursar a área de educación plástica e visual en inglés ou en castelán.

Todo o alumnado está matriculado en inglés como lingua estranxeira, pero de existir matrículas suficientes, docente con dispoñibilidade horaria e aprobación da inspección educativa, podería impartirse o francés como lingua estranxeira.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias servirán para reforzar o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que para a súa selección e organización atenderemos a criterios tales como:

- Contidos de cada área.
- O establecido no currículo e nas ordes correspondentes do calendario escolar, como conmemoracións a traballar.
- Afianzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- Deberán ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade de xénero así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia e o respecto.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O desenvolvemento da práctica educativa atenderá á diversidade do alumnado. A escola, como a sociedade, está formada por persoas con diferentes características e capacidades porén establecerase un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias do alumnado.

A resposta educativa para a diversidade do alumnado partirá das seguintes medidas:

- Manter unha comunicación frecuente e clara coas familias.
 - Empregar metodoloxías adaptadas aos distintos estilos de aprendizaxe, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e capacidades do alumnado.
 - Partir do nivel de competencia curricular de cada alumno/a.
 - Prestar atención individualizada sempre que sexa posible.
 - Traballar as emocións con todo o grupo - clase, fomentando a reflexión e o diálogo ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando en común propostas de mellora.

A avaliación continua, enmarcada no proceso de ensino aprendizaxe facilitará a detección de posibles dificultades para as que se establecerán medidas de reforzo educativo.

O reforzo educativo desenvolverase atendendo ao establecido no artigo 48 da Orde do 8 de setembro de 2021.

A modificación dos elementos curriculares tales como secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamento do alumnado e a metodoloxía terá en consideración factores como:

- Forma de comunicación do alumnado.
- Secuenciación das tarefas e a verificación da súa comprensión.
- Disponibilidade de recursos tecnolóxicos.

- Adaptación dos tempos de execución
 - Instrumentos variados de avaliación adaptados tanto ao alumnado como as situacións de aprendizaxe propostas.
 - Correccións construtivas que fagan dos erros oportunidades de aprendizaxe.
 - Docencia compartida entre o/a mestre/a de materia e/ou área e o profesorado con dispoñibilidade horaria.

O programa de enriquecemento curricular, regulado no artigo 49 da orde do 8 de setembro de 2021, destinarase ao alumnado que presenta altas capacidades e para o que o seu desenvolvemento tomará como referencia factores como os citados anteriormente.

Estando esgotadas todas as medidas ordinarias, as adaptacións curriculares poder ser a resposta máis axeitada para aquel alumnado que precisa modificacións significativas do currículo. Regulado no artigo 55 da orde 8 de setembro de 2021, a súa elaboración atenderá a:

- Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar a metodoloxía axeitada aos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.
- Partir da avaliación inicial do alumnado para transformar os coñecementos previos detectados en situacións de novas aprendizaxes.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, o equipo docente baixo a coordinación da persoa titora elaborará un Plan Específico de Reforzo, regulado no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades que propiciaron a repetición.

Este plan desenvolverase ao longo de todo o curso e incluírá os seguintes epígrafes:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a permanencia un ano máis no mesmo curso.
- c) Medidas de atención á diversidade adoptadas.
- d) Medias de atención á diversidade que se estiman oportunas de cara ao vindeiro curso académico.
- e) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- f) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- g) Acreditación da información á familia.

Nas sesións de avaliación farase un seguimento do plan, realizando os axustes que sexan precisos. Ao final de curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A educación primaria é unha etapa de escolarización obrigatoria na que o currículo ten un carácter aberto e flexible e a avaliación do alumnado será continua e integradora. O alumnado ten o dereito a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, esforzo e rendemento se valoren e se recoñezan con obxectividade. Os equipos docentes teñen establecidos uns procedementos para garantir este dereito.

1) PROCESO DE AVALIACIÓN: constará dunha avaliación inicial, para coñecer a situación do alumnado ao inicio de curso, e tres sesións de avaliación, coincidindo a terceira coa final.

2) CRITERIOS DE AVALIACIÓN axustados aos que figuran nas programacións dos distintos niveis e materias. Estes criterios están a disposición da comunidade educativa a través da páxina web do centro.

3) OUTROS CRITERIOS (marcados polo centro):

- o Asistencia con puntualidade.
- o Interese polo traballo
- o Progreso na expresión oral, escrita, gráfica, musical, etc.
- o Progreso na capacidade de razoamento.

As sesións de avaliación, reguladas no artigo 19 da Orde do 26 de maio de 2023, reunirán ao equipo docente de cada grupo, e analizará o proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a toma de decisións para adaptar a intervención educativa ás características individuais.

Participarán nestas sesións toda persoa docente que interveña co grupo, sen embargo o profesorado de apoio, incluídas as persoas especialistas de PT e AL terán voz pero non voto na toma de decisións.

As sesións de avaliación e as actas correspondentes responderán ao seguinte guión:

I. Avaliación do grupo: estudo dos resultados globais, características que inflúen no rendemento do alumnado, actuacións para mellorar o rendemento do grupo, etc.

II. Avaliación individualizada:

- a. Alumnado con maior número de suspensos: análise das posibles causas do seu baixo rendemento e posibles medidas compensatorias.
- b. Alumnado de reforzo ou ACS: seguimento e valoración dos progresos.
- c. Alumnado promocionado por imperativo legal: análise para a adopción de medidas.

III. Iniciativas a realizar pola persoa titora, o departamento de orientación ou a xefatura de estudos.

Establecerase un contacto axeitado coas familias para informar do resultados e das medidas a adoptar en cada caso.

CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN

O alumnado de Educación Infantil promocionará ao primeiro ciclo de Educación Primaria, non sendo que exista un informe do Departamento de Orientación e/ou Equipo

de Orientación Específico que xustifique a necesidade e conveniencia da permanencia un curso máis na etapa. Precisarase a autorización do Servizo de Inspección Educativa e a conformidade da familia.

En Primaria, tal como establece o artigo 24 da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia os criterios de promoción serían os seguintes:

- Tras o proceso de avaliación, o equipo docente tomará a decisión de promoción ou non do alumnado dos cursos 2º, 4º e 6º. Sendo automática nos cursos de 1º, 3º e 5º.
- A decisión da permanencia no mesmo curso, oída a familia, só poderá adoptarse unha vez na etapa.
- O alumnado que promocióne con algunha área ou ámbito con cualificación negativa, recibirá os apoios necesarios para recuperar esas aprendizaxes.
- Para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso haberá que elaborar un plan específico de reforzo, tal como se recolleu no epígrafe 9 desta concreción curricular.

Ademais poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese curso académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - a. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
 - c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
 - a. Non ter ningún protocolo de absentismo aberto e/ou
 - b. A alumna ou o alumno presentácese ás probas e realizase as actividades necesarias para a súa avaliación positiva.
 - d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

En sexto de primaria outorgábase a "Mención honorífica", pero está derogada a norma que a regulaba.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe do alumnado, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións mediante procedementos de coordinación do equipo docente que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder ás necesidades detectadas.

- Facilitarase a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica da aula.
- Potenciarase o esforzo individual e o traballo en equipo.
- Efectuarase un seguimento global da aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.
- Favoreceranse procesos de mellora educativa a través da coordinación co equipo de apoio, realizando as adaptacións curriculares necesarias.
- Estableceranse as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus/súas fillos/as.
- Banco de materiais de reforzo educativo sempre dispoñible na aula. É moi importante o traballo que se pode realizar con eles dentro da aula, ademais do apoio individualizado por parte dun/ha mestre/a de apoio especialista.
- O apoio dentro da aula, encamiñarse á consecución dos aprendizaxes definidos para todo o grupo.
- O reforzo fóra de aula, de ser necesario, coas persoas especialistas de AL e PT servirá para reforzar ou anticipar contidos.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos que participa o centro de xeito anual, ben son ofertados pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, ben por outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que:

- Axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Desenvolven unha acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.
- Aportan novas visións e melloran os estilos do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións lexislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características do centro.

o) Outros apartados**1. Outros apartados**

...